



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego / O Correo Galego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *Mariñán*, *El Metropolitano e Red Comarcal*.

5 de xaneiro de 2010

Celebrouse a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu a cargo do Concello.

8 de xaneiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o Concerto Extraordinario de Reis a cargo da Orquestra de Cámara de Betanzos, *Camerata Brigantina*, dirixida polo profesor do conservatorio municipal, Florián Vlashi.

9 de xaneiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura celebrouse un Festival Folclórico organizado pola Agrupación Cultural *As Garelas* da Asociación Cultural Sto. Domingo de Betanzos e o Concello, no que participaron grupos tradicionais de Galicia e Portugal.

Xaneiro de 2010

Concluíronse as obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no Centro Cultural Santo Domingo coa instalación de ramplas e un ascensor, facilitando o acceso ás instalacións do Museo das Mariñas, Aula de Informática e Oficina Municipal de Información Xuvenil. O proxecto estivo incluído no Fondo Estatal de Inversión Local.

15 de xaneiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de teatro «Simoon en la Luna» pola compañía *Teatro Pingaliraina* de Zaragoza en sesión para escolares do Concello organizada polo Concello de Betanzos.

Xaneiro de 2010

Neste mes deron comezo as obras de rehabilitación do cine Alfonsetti.

22 de xaneiro de 2010

A Real Filarmonía de Galicia homenaxeou ó compositor betanceiro, Carlos López García-Picos, recentemente falecido, coa interpretación da súa obra «Sindy» no Auditorio de Galicia en Santiago.

22-24 de xaneiro de 2010

Betanzos estivo presente ó longo destes días na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur). A delegación municipal estivo encabezada pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.

20-27 de xaneiro de 2010

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición itinerante «Mostra fotográfica da flora e fauna», para a divulgación dos valores ambientais dos ríos Mendo e Mandeo, organizada pola Concellería de Sanidade, Servizos Sociais, Emigración e Xuventude do Concello, que contou coa colaboración da Concellería de Medio Rural.

27 de xaneiro de 2010

Tivo lugar no Liceo a presentación do «II Plan Director para la Convivencia y Mejora de la Seguridad Escolar», coordinado polos ministerios de Interior, Educación e Igualdade en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias e Plan Nacional para a Alianza das Civilizacións. No acto estiveron presentes: o subdelegado do Goberno na Coruña, D. José Manuel Pose Mesura; o tenente coronel da Garda Civil, D. Jorge González; os axentes D. Jesús López e D. Fernando Villar, a concelleira de Muller, Familia e Infancia, D^a Esperanza Sánchez e a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.



César



Teatro Alfonsetti en obras.

Veiga



Betanzos e a súa comarca

28 de xaneiro de 2010

Visitou a nosa cidade a conselleira de Traballo e Benestar, D^a Beatriz Mato, que foi recibida pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo. O asunto a tratar foi a colaboración da Xunta de Galicia no proxecto da escola infantil do Carregal.

Febreiro de 2010

Organizado pola *Agrupación Teatral Mariñán* e a Concellería de Cultura, celebrouse ó longo deste mes o *I Encontro de Teatro Aficionado*, no que participaron os grupos: *Finisterrae*, *Garelia*, *Teatro Artesano* e *Mariñán*. A presentación do encontro tivo lugar no Edificio Liceo a cargo de Sara Zabalza e Inés Valiño, integrantes do grupo *Mariñán*, do tenente de alcalde, D. Javier de la Fuente e do concelleiro de cultura, D. Pedro Gómez.

6 de febreiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de teatro «Arsénico por compasión» a cargo da compañía *Teatro Artesano*, dentro do *I Encontro de Teatro Aficionado* de Betanzos organizado polo Concello de Betanzos e a *Agrupación Teatral Mariñán*.

6-21 de febreiro de 2010

Na Sala de Mostras do Edificio Liceo puido contemplarse unha exposición de pintura de Pedro Bueno Salto titulada «Viaxe temática».>

13 de febreiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de teatro «Baleiro» pola compañía *Garelia Teatro* dentro do *I Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos* organizado polo Concello de Betanzos e a *Agrupación Teatral Mariñán*.

Febreiro de 2010

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou traballos de urxencia nos muros do edificio da «Torre do Reló», despois de apreciarse fisuras, posiblemente debidas as actuacións de restauración realizadas polo mesmo organismo no interior da igrexa de Santiago.

13-17 de febreiro de 2010

Desenvolveuse ó longo destes días o Programa de Festexos do Antroido elaborado polo Concello. Houbo festas infantís e concursos de disfraces, rematando co Enterro da Sardiña.>

20 de febreiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de teatro «La petición de mano» pola compañía *Teatro Finisterrae* dentro do *I Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos* organizado polo Concello de Betanzos e a *Agrupación Teatral Mariñán*.



César



Pariente



Eras



César

22 de febreiro de 2010

O concelleiro de Urbanismo, Tráfico e Seguridade Cidadá, D. José Luis Santos Cobelo, estivo presente na sinatura dos convenios para a rehabilitación de vivendas no casco histórico do concello, celebrada na Delegación do Goberno en Galicia, na Coruña, coa ministra da Vivenda, D^a Beatriz Corredor e o concelleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, D. Agustín Hernández.

22-28 de febreiro de 2010

Tivo lugar no Edificio Liceo a exposición documental titulada «100 años de Solidaridad Obrera», organizada pola CNT de Betanzos.

23 de febreiro de 2010

O edificio Liceo foi o lugar elixido polo concelleiro de Medio Rural, D. Samuel Juárez para a sinatura de 25 convenios de colaboración con alcaldes das comarcas do Eume, Ortelgal, Coruña, Ferrol e Betanzos, para a mellora das redes viarias.>

26 de febreiro ó 8 de marzo de 2010

Tivo lugar no Edificio Liceo a exposición «¿Que pintan as mulleres de Betanzos?», organizada polo Concello.

27 de febreiro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de teatro «No es tan fácil» pola compañía *Agrupación Teatral Mariñán* dentro do *I Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos* organizado polo Concello de Betanzos e a *Agrupación Teatral Mariñán*.

1-3 de marzo de 2010

A zona da Ribeira e o Muelle sufriron importantes inundacións debido ás mareas vivas e ó abundante caudal do río Mandeo. Foi necesario cortar a vía ó tráfico e foron varios os locais comerciais e vivendas afectadas.



Pariente



César

6 de marzo de 2010

Coincidindo co Día Internacional da Muller, tivo lugar no Edificio Liceo a entrega do «II Premio Úrsula Meléndez de Texeda», como recoñecemento a aqueles cidadáns que traballan pola igualdade. Este ano foi para D^a Consuelo Beade Dopico, primeira muller que accedeu á corporación brigantina no 1978, na primeira corporación democrática, militando no Partido Comunista. Ó acto asistiron a case totalidade das concelleiras que pasaron pola corporación.

7 de marzo de 2010

Foron numerosos os ferigreses de Santa María a Maior de Pontevedra que se achegaron este día ó Santuario dos Remedios, en correspondencia á visita realizada alí polos betanceiros.

9 de marzo de 2010

Tiveron lugar os actos de celebración do 25 Aniversario do Club de Xubilados de Caixa Galicia. Con tal motivo colocouse unha placa conmemorativa coa presenza da directora do Centro, D^a Pilar Lamas; do director Xeral da Entidade, D. José Luis Méndez; da conselleira de Traballo e Benestar, D^a Beatriz Mato e da alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo. Un dos socios máis antigos, D. José Ares, foi o encargado de descubrir a placa.



César



9 de marzo de 2010

Neste día presentaron a súa renuncia a participar nas funcións do Goberno Municipal os concelleiros de C x B (Cidadáns por Betanzos): D. Javier de la Fuente Lago, tenente de alcalde; D^a María de la Esperanza Sánchez Varela, concelleira de Muller, Infancia e Familia e D. Pedro José Gómez Patiño, concelleiro de Educación, Cultura e Deportes.

13 de marzo de 2010

Tivo lugar a «VI Xuntanza de Labores Artesanais» organizada polo Concello de Betanzos e as *Mulleres da Condese*. Foron máis de cincocentas artesanas de Galicia, Asturias e León as que se concentraron este día no Edificio Liceo.>

14 de marzo de 2010

Neste día faleceu na cidade de Pontevedra Zoltan Varga Haszonits, que nacera en Hungría e era licenciado en Filoloxía pola universidade ELTE de Budapest. Gran coñecedor da sociedade



Diario de Pontevedra

galega medieval, colaborou no Museo das Mariñas e no Anuario Brigantino, onde publicou unha bibliografía sobre os Andrade. Desde o Anuario lembrámolo con agarimo.>

15 de marzo de 2010

Organizada pola Dirección Xeral de Tráfico en colaboración co Concello de Betanzos, dentro do programa de educación viaria, tivo lugar a representación teatral da comedia musical «133.6 FM en el espacio interior» destinada a o alumnado de secundaria dos centros do Concello.

16-30 de marzo de 2010

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición «Galicia en foco, o fotoxornalismo galego» na súa XX edición, organizada polo Club de Prensa de Ferrol.

19 de marzo de 2010

Organizado polo Concello tivo lugar no Edificio Liceo a proxección da película «Abrígate», gravada parte dela en Betanzos e arredores.

22 de marzo de 2010

O Concello puxo en marcha, a través da Concellería de Servizos Sociais, un servizo de préstamo de camas articuladas e grúas de mobilización de persoas.

25 de marzo de 2010

Dentro das actividades da Aula de Teoloxía organizadas polas parroquias de Betanzos, tivo lugar unha conferencia de D. Francisco Castro Miramontes, no auditorio da Obra Social Caixa Galicia.

27 de marzo - 4 de abril de 2010

Ó longo destes días desenroláronse os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo prior do mosteiro de Samos, P. José Luis Vélez Álvarez. Os actos foron organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos. Este ano a novidade foron os novos estandartes, colgaduras, báculos e lampadas que se luciron nos edificios e procesións.>



César

5-20 de abril de 2010

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición de pintura titulada «Hai no ceo un camiño de estrelas» do artista Jorge Pardo Ruzo (Coirós).

6 de abril de 2010

No Edificio Liceo tiveron lugar as proxeccións da curta de animación titulada «O coidador de gatos» e da longametraxe documental «O segredo da Frouxeira» dentro da *Semana do Audiovisual Galego*, organizada pola *Axencia Audiovisual Galega* en colaboración co Concello de Betanzos.

7 de abril de 2010

Os concelleiros de Urbanismo e Infraestruturas, D. José Luis Santos e D. Andrés Porcas mantiveron unha reunión no Edificio Liceo con representantes das asociacións profesionais de enxeñeiros de organización industrial da Coruña, para analizar o trazado da liña do AVE entre Coruña e Ferrol.

7 de abril de 2010

Tiveron lugar no Edificio Liceo as «Xornadas de viticultura e desenvolvemento rural: recuperación das variedades branco lexítimo e agudelo « organizadas pola Fundación Juana de Vega. O estudo do «Consejo Superior de Investigaciones Científicas» (CSIC) a través da Misión Biolóxica de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e a Asociación de Viticultores e Adegoeiros de Betanzos e Comarca. O acto, presidido pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, contou coa presenza do presidente da entidade, D. Enrique Sáez e a titular da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, D^a Alejandra Álvarez de Mon.

9-10 abril de 2010

No edificio Liceo, organizado polo Concello de Betanzos, desenvolveuse o IV Curso Internacional de Clarinete Cidade de Betanzos, que tivo como profesores a D. Antonio Saioso, profesor da Escola Superior de Música de Oporto e a D. Juan Ferrer, clarinetista da Orquestra Sinfónica de Galicia.

10-11 de abril de 2010

Organizado polo Concello en colaboración coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE), celebrouse na Praza García Irmáns o mercado de oportunidades «Mercabetanzos». Nel participaron máis de cincuenta comerciantes locais. A presentación do evento tivo lugar no Edificio Liceo a cargo da presidenta de ACEBE, D^a Antonia Anido e da alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.>



Anume

11 de abril de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Un morto moi vivo» interpretada pola compañía *Producións Acontrabutaca*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

15 de abril de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo reuniuse en Santiago co conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, D. Jesús Vázquez, co obxectivo de acelerar os trámites de expropiación dos terreos da nova escola infantil do Carregal.

Abril de 2010

O Concello adquiriu dous novos vehículos para a limpeza das rúas e un camiión de plataforma elevadora.

19 de abril de 2010

No Edificio Liceo celebrouse unha reunión promovida pola Deputación da Coruña, a Fundación de Axencia Enerxética Provincial (Faepac) e o Inega para informar ós concellos da comarca sobre as medidas impulsadas pola institución provincial para fomentar o aforro de enerxía. No acto estiveron presentes o director da Faepac, D. Jesús Castro, os deputados D. Antonio Lagares e D. Jesús Veiga e a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.>



Betanzos e a súa comarca

21 de abril de 2010

Un grupo de alumnos de Florencia que participaron nun programa europeo de intercambio co Instituto Francisco Aguiar, foron recibidos na Sala Capitular polas concelleiras D^a Lourdes Suárez e D^a María Jesús Teijo.

Abril de 2010

A Praza do Campo adquiriu unha nova fisonomía coa colocación de maceteiros altos, que se sumou á recente instalación do panel informativo.

22-23 de abril de 2010

Celebráronse no Edificio Liceo as xornadas sobre Responsabilidade Social Corporativa, organizadas polo Consorcio das Mariñas. O acto de inauguración correu a cargo do presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda e da alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.>



Partenente

23 de abril- 10 maio de 2010

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición do artista Francisco Maceira Rodríguez (Ferrol, 1963) titulada «Galiza ao óleo».

24 de Abril de 2010

Membros da Corporación Municipal, acompañados dun grupo de betanceiros fixeron unha visita á Catedral de Santiago, onde a Alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, fixo unha INVOCACIÓN Ó APÓSTOLO SANTIAGO neste Ano Santo Xacobeo:

Señor Santiago:

Hoxe peregrina diante de ti unha representación do Arciprestado de Xanrozo e da Cidade de Betanzos, esa poboación medieval espallada por riba do Castro de Untia, no Golfo Ártabro, 'o dos osos', que garda boa parte das esencias da antiga Galicia. E precisamente unha das nosas características é a de ser, desde tempo inmemorial, lugar de paso, de reposo e de consolo para os teus peregrinos. Peregrinos que viñan e veñan da costa cántabra por Ribadeo, Mondoñedo e Vilalba. Pero que tamén chegaban e chegan desde os portos de Ferrol e de Sada.

Boa parte dos nosos monumentos e da nosa historia non terían sentido sen o Camiño que conduce a Compostela. A pegada dos peregrinos está presente nas nosas igrexas góticas, a de Santiago, a de San Francisco e a de Santa María, pero tamén nas demais. O noso Patrón é o peregrino San Roque, o que axuda ós apastados e, por extensión, a todos os desfavorecidos. E os nosos antigos hospitais sempre tiveron un espazo para os pobres e os peregrinos; é o caso do hospital de San Cristóbal, o de San Bartolomé, o de Nosa Señora da Anunciación ou o de San Antonio de Padua.

As preocupacións que hoxe che participo céntranse na necesidade de facer que o carácter da nosa cidade non se perda por culpa da pobreza material ou, peor aínda, da espiritual. Precísamos que os vellos valores de unión e de forza colectiva volvan a xuntarnos en obxectivos comúns de altas miras

para que Betanzos non deixe de ser un foco de luz no Camiño de Galicia. Pero Betanzos e Galicia forman parte do planeta Terra e hoxe máis que nunca os problemas son de todos. Por iso acudimos tantos a ti: porque ti non sabes de fronteiras nin de diferencias.

As ameazas á paz, á saúde, á economía das familias e das empresas e mesmo ó sistema climático e ós recursos da natureza son agora globais e, polo tanto, semella que temos que cambiar a nosa mentalidade urxentemente, volver ó rego, ó teu Camiño, o do Sol e o das Estrelas, para renacer. Por iso estou hoxe aquí, non soamente como Alcaldesa de Betanzos para pedirche por todas as necesidades dos betanceiros, senón tamén como un ser humano máis que busca en ti iluminación en todas partes, para que cesen as loitas polo territorio e polas ideas, para que a xente poida traballar e vivir dignamente e para que todos saibamos coidar o noso fogar común, o noso xardín do Edén que é este planeta. Que así sexa.



Erías

24 de abril de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Benito Bienvenido» interpretada pola compañía *Lambríaca Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Abril de 2010

Neste mes deu comezo o Obradoiro de Emprego do río Pelamios cos módulos de forestal, mampostería e encofrador. Os alumnos recuperaron zonas do río que eran practicamente inaccesibles.

27 de abril de 2010

A alcaldesa e varios concelleiros participaron na iniciativa do Consorcio do Camiño Inglés para a promoción desta ruta.>



Pariente

31 de abril de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo e os concelleiros de Asuntos Sociais, D^a María Jesús Teijo e de Infraestruturas, D. Andrés Porcas, inauguraron no Parque do Pasatempo unha zona de máquinas para a realización de exercicios ó ar libre, financiada coa colaboración do Consorcio das Mariñas.

Maio de 2010

Ó longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo adicado a Uxío Novoneyra. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións municipais como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas, campañas de animación á lectura na Biblioteca Municipal, etc.>

Maio de 2010

Leváronse a cabo obras de mellora de infraestruturas da rúa de Alfonso IX, financiadas pola Deputación da Coruña a través do Plan Provincial de Obras e Servizos.

1 de maio de 2010

A Escola Municipal de Folclore realizou os Maíos na Praza do Campo e Cantón de Claudino Pita.



7-9 de maio de 2010

Celebrouse no Carregal a XXV Festa do Viño de Betanzos, organizada pola *Asociación de Colleiteiros do Viño de Betanzos*. Deu comezo coa lectura do pregón a cargo da directora xeral de Innovación e Infraestruturas Agrarias da Xunta de Galicia, D^a Alejandra Álvarez Mon.

Maio de 2010

O Club Gayolo Begacar Santo Domingo Betanzos logrou o ascenso á cuarta división nacional.

8 de maio de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Colgados» interpretada pola compañía *Teatro Ancora*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

9,16 e 23 de maio de 2010

Tiveron lugar ó longo destes días as Xornadas de Piragüismo, organizadas polo Club Náutico Ría de Betanzos de Piragüismo.

12-25 de maio de 2010

Puido contemplarse estes días no Edificio Liceo unha exposición de pintura de Antonio Balboa Toba.

13 de maio de 2010

No Edificio Liceo tivo lugar unha conferencia impartida polo músico Pedro Lamas, titulada «A afinación natural: a gaita e o seu contexto». Celebrouse ó remate do acto un pequeno concerto.

14 de maio de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo e a concelleira de educación, D^a María Jesús Teijo xunto con representantes da empresa *Velloso Gestión Creativa* presentaron no edificio Liceo o programa cultural para escolares: *Untia e Tiobre*. O obxectivo foi fomentar nos máis pequenos o valor do patrimonio e a súa promoción.>

15 de maio de 2010

Visitou a nosa cidade D. Rafael González Cende, bisneto de D. Juan García Naveira, quen foi recibido pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo e o tenente de alcalde, D. José Luis Santos.>

17 de maio de 2010

No Edificio Liceo e con motivo do día das Letras Galegas, a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo fixo entrega dos premios: 1^o Concurso de carteis do Día das Letras Galegas, para Alicia Ríos Santos. O do 2^o Concurso de redacción Letras Galegas, foi para Miriam Michaelsen Gómez (1^o ciclo), Inés Iglesias Louzao (2^o ciclo) e Jorge Manuel Muñoz Rodríguez (3^o ciclo). Ó rematar o acto celebrouse un concerto por parte da Coral Polifónica de Betanzos.

20 de maio de 2010

Os alumnos de automoción do IES As Mariñas participaron no concurso a nivel nacional de *Jóvenes Técnicos en Automoción*, celebrado nas instalacións de Mercedes Benz en Madrid e onde acadaron o primeiro posto na categoría de



César



Pariente



Pariente

vehículos industriais e o terceiro na de carrocerías. Os participantes foron recibidos pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.

23 de maio de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Atra Bile» interpretada pola compañía *Teatro de Ningures*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



25 de maio de 2010

Na zona das Cascas inaugurouse unha praza dedicada a Amador Cortés García, falecido en Mallorca no 2005, quen era coñecido betanceiro nun primeiro momento como famoso futbolista e posteriormente na súa profesión de hostaleiro, sendo o seu negocio lugar de acollida de moitos galegos e especialmente de betanceiros. A familia do homenaxeado sentiuse arroupada nun acto presidido pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, numerosos concelleiros da corporación e veciños.

26 de maio de 2010

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos presentaron a campaña do verán no Edificio Liceo. O acto no que estiveron presentes a presidenta da asociación, D^a Antonia Anido, o xerente de Gonzacar, D. Marcial Castro e o director de marqueting de Gadisa, D. Antonio Cortés, foi presidido pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.

26 de maio de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, presentou no Edificio Liceo a páxina web da Hemeroteca Virtual de Betanzos, que fai posible a consulta na rede da prensa local betanceira conservada no Arquivo (<http://hemeroteca.betanzos.net>). A súa posta en funcionamento foi posible gracias a un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e o Concello. No acto estiveron presentes os responsables do Arquivo Municipal, D. Alfredo Erias e D. Xosé María Veiga, autores da web.

27-28 de maio de 2010

Organizado polo Consorcio das Mariñas e patrocinado pola Deputación, celebrouse no IES Francisco Aguiar un concerto didáctico de jazz, dentro da III Mostra de jazz galego na comarca *Jazz Mariñas*.

27-29 de maio de 2010

Desenroláronse ó longo destes días as *IV Xornadas de paisaxe cultural do noroeste*. A paisaxe

compartida, organizadas polo Concello de Betanzos coa dirección de José Crespi Rodríguez. Participaron máis dun centenar de expertos nacionais e europeos. >

28 de maio de 2010

Dentro dos actos do *Festival Mozart 2010*, organizado polo Consorcio para a promoción da música celebrouse na Igrexa de San Francisco un concerto do Cuarteto de Corda da Orquestra Sinfónica de Galicia, Cuarteto Scherzo, titulado «Mozart e Schubert en do maior».

28 de maio de 2010

O Colexio Nosa Señora do Carme (Atocha), acolleu a entrega do *VI Premio Literario Frei Martín Sarmiento*, organizado pola Federación Española de Religiosos de la Enseñanza en Galicia. Resultou ganadora a obra «Fin de século en Palestina» de Miguel Anxo Murado.

28-30 de maio de 2010

Ó longo destes días celebrouse no edificio Liceo a «II Mostra de Asociacións Betanceiras», organizada polo Concello de Betanzos.

30 de maio de 2010

Celebrouse a XIV Media Maratón «Volta á Ría de Betanzos», organizada polo club de Atletismo As Mariñas.

30 de maio de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto por conta da *Camerata Brigantina* que interpretou música de compositores contemporáneos galegos.

2-15 de xuño de 2010

Puido contemplarse no Edificio Liceo a exposición de pintura «Imaxes da Riveira Sacra», de Jesús Fernández López (Saviñao, 1942).

5-6 de xuño de 2010

Celebrouse no Carregal a *I Feira Empresarial e Comercial de Betanzos*, organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, e na que participaron preto de corenta empresas. O acto de inauguración contou co presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda e coa alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.

5 de xuño de 2010

Dentro do Ciclo «En Xira» do programa *Xacobeo Classics 2010* da Consellería de Cultura e Turismo, tivo lugar na Aula de Cultura a Cantiga Lírica Gala organizada pola *Agrupación Lírica Ofelia Nieto*.

7-18 de xuño de 2010

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición «O ferrocarril Betanzos-Ferrol, historia e patrimonio», organizada pola *Asociación Ferrolterra Amigos do Ferrocarril*, dentro do programa de actos a desenvolver polo Comité do Centenario da liña Betanzos-Ferrol.



17-30 de xuño de 2010

No Edificio Liceo estivo a exposición de pintura titulada «Natureza» de Beatriz Álvarez Penas (Monforte de Lemos, 1949).



18 de xuño de 2010

Presentouse na librería *Donín* de Betanzos o libro «Memorias dunha viaxe improvisada: De Betanzos a Nápoles en 1899», reedición en galego do libro do betanceiro, Rogelio Borondo por parte da editorial Morgante. No acto participaron D. Xesús Fraga, D. Xoel Ben Ramos, autores do prólogo e do perfil biográfico e D. José Crespi.



Xuño de 2010

O Concello adquiriu unha parcela nas inmediacións do centro social de Guiliade, co obxectivo de adicala a ampliar os espazos públicos.

19 de xuño de 2010

Na Igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da *Orquestra de Cámara Galega* coa soprano Cecilia Lavilla, organizado pola Fundación Rogelio Groba dentro da programación do *Xacobeo 2010* da Consellería de Cultura e Turismo.

20 de xuño de 2010

Na Igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto do Coro de Nenos Cantores da Orquestra Sinfónica de Galicia, dentro dos actos do *Festival Mozart 2010*, organizado polo Consorcio para promocionar a música.

21 de xuño de 2010

O Instituto Galego de Vivenda e Solo formalizou co Concello de Betanzos e outros trinta e tres concellos un convenio polo que a entidade autonómica asumiu o 50% dos custes da oficina de información e xestión de axudas en materia de rehabilitación.

26 de xuño de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o concerto de Kin García, dentro do *III Festival Jazz Mariñas*, organizado polo Consorcio das Mariñas e o Concello de Betanzos co patrocinio da Deputación da Coruña.

27 de xuño de 2010

Na Praza da Constitución celebrouse o *XIII Encontro de Bandas de Música*, organizado polo Concello de Betanzos, coa participación da Banda de Música de Ordes, a Banda Municipal de Ribadeo e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

28 de xuño de 2010

Numerosas persoas acudiron á Praza do Campo para participar na *III Festa do Comercio*, organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, na que o acto estelar foi o sorteo dun coche entre os clientes.

29 de xuño de 2010

No Pleno celebrado neste día deuse conta da dimisión como concelleiro de D. Xabier López, cargo que viña desempeñando polo Bloque Nacionalista Galego.

Xullo-Agosto de 2010

Desenvolveuse ó longo destes meses o programa «Vive Betanzos no Verán».

1-15 de xullo de 2010

No Edificio Liceo puido visitarse unha exposición de fotografía de Pepe Faraldo titulada «Retratos do medievo. Personaxes da Feira Franca Brigantina».>

2 de xullo de 2010

Rocío Vázquez García, alumna do colexio Grande Obra de Atocha de Betanzos, foi a gañadora do Concurso Claudino Pita. O premio, ideado dentro do programa «Untia e Tiobre» dirixido a alumnos do concello, consistiu en poñer o seu debuxo nun dos cuarteiróns do globo de San Roque. A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo entregoulle o premio á gañadora e un agasallo ós debuxos máis destacados.>

3 de xullo de 2010

Presentouse no Edificio Liceo o libro titulado *Espertar* do que son autores Lino García (poemas) e Elena Robledo (fotografía), dentro da colección *Xanela da poesía*, organizado pola Asociación Cultural Eira Vella.



Pariente

6 de xullo de 2010

Na Aula de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra «Europa o la nave de los locos», proxecto presentado por *Escena Erasmus* da Universidade de Valencia para a V edición das «Huellas de la Barraca» organizada pola «Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales» do Ministerio de Cultura e a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo da Consellería de Cultura e Turismo.

8 de xullo de 2010

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto de canto coral medieval polo grupo *Canta Compañía*, dentro do programa de actos previos da *XIII Feira Franca Medieval*.

9-11 de xullo de 2010

Celebrouse a XIII edición da Feira Franca Medieval con gran asistencia de visitantes. Houbo diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais, destacando a expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, queima da cidade, torneo medieval... A Feira deu comezo coa inauguración da alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo e a lectura do pregón a cargo do profesor e ilustrador, Xosé Tomás:



César

Pregón da XIII Feira Franca Medieval de Betanzos

Ilustrísima Sra. Alcadesa, autoridades, garellos desta nobre cidade, visitantes doutras terras, miñas donas e meus señores.

Neste ano 2010 no que celebramos unha nova Feira Franca, unha máis de moitas outras, botamos sen poder evitalo unha ollada ao pasado, a un pasado que nos trouxo ata aquí, e do que non nos podemos despegar.

Revivimos unha parte da nosa esencia fundamental, que tivo que cruzar ríos e mares de escuridade e intolerancias, de retornos fatigosos ao máis primario da nosa condición, para chegar a ser o que somos, e para constatar que aínda nos quedar moito por chegar a ser o que podemos e debemos ser.

Hoxe celebramos a cara máis fermosa e festiva dunha época que non o foi tanto. Corría o ano 1465 cando o rei Enrique IV, nunha época das máis convulsas para esta, de momento, vila, e tras continuas contendas contra os poderosos nobres, e como agradecemento ao seu servicial apoio, decidiu conceder a Betanzos o privilexio de constituírse en Cidade. Tres escudos na Porta da Vila lembrarían esa nova condición: o de España, o de Galicia, e o de Betanzos.

Foi un importante privilexio, que viría acompañado doutros, en anos sucesivos. Porque pouco despois, en 1467, este mesmo monarca permite por primeira vez á Cidade a celebración dunha FEIRA



César

FRANCA: nela os produtos foráneos estarían libres de impostos, da coñecida «alcabala». E permitiulles elixir o mes en que se celebraría – porque, si, tiña unha duración dun mes. Foi entón cando as xentes de aquí escolleron o mes de novembro, porque nel xa existían tres feiras importantes: a de Santos, a de San Martiño, e a de San Andrés.

Tamén o rei concedeu aos habitantes de Betanzos o privilexio de ter un porto importante, libre de aranceis, que abriu a porta ao exterior; e numerosos beneficios en especie, agasallos precedeiros a quen o apoiara coas súas vidas, para agrandar a súa gloria e poder.

Hoxe, dende aquí, dende agora, revivimos a Idade Media, un período tan longo coma escuro, tan cruel como máxico. E nunca chegaremos a comprender a historia mentres non nos poñamos na pel dos que a viviron nas súas carnes.

Pechemos, pois, os ollos, e fagamos un exercicio

de flashback mental. Pechemos os ollos e abramos os demais sentidos: 1468. Descubramos o cheiro matutino dunha cidade que esperta, coa fresca néboa do outono. O pequeno ROI, de dez anos, esperta na súa humilde casa de entremuros da rúa da Cerca. As campás na igrexa de Santa María marcan o comezo do día: un toque, a Prima, sae o sol, comeza a vida.

Súa nai mándao, coma todos os días, coa sella á fonte a por auga. Non son tempos para que un neno tan cativo ande só polas rúas, pero... que se lle vai facer! Coñece os recunchos, coñece as caras do perigo... e esa mañá, ademais, levantouse con sede. Betanzos era, daquela, lugar para os bandoleiros, que secuestraban, torturaban e mataban. E non era seguro camiñar se non era en grupo.

Pero ROI facíao cada mañá, cada día da súa, previsiblemente, curta vida.

E na fonte da praza do mercado de Azogue, coa sella enchéndose, senta a respirar o aire frío, e non se decata de que, de maneira simbólica, se atopa entre dous mundos, entre Santa María e San Francisco, entre o terror de finais do Románico e o atisbo de luz do Gótico.

Cantas veces tiña asistido á misa de San Francisco coa súa nai! Aquela misa nun latín que non comprendía e desfiguraba inocentemente, como inocentemente ignoraba que a luz daquela igrexa xa era especial, distinta, da da igrexa veciña. Esta nova luz abría pouco a pouco os vanos nas igrexas, como pouco a pouco abría as mentes e os horizontes das persoas. Unha luz que viría en poucos anos a traer noticia dun novo mundo, á outra beira do océano, e a romper as tiranías da relixión, para poñer o centro de atención en algo tan simple e tan grande coma o home.

Roi estaba sentado, aquela mañá, a cabalo entre o pasado e o futuro, mentres a súa sella se enchía, para saciar a sede dos da casa, que traballaban arreo, sen apenas descanso. Fronte á igrexa na que, segundo seu pai, deixara o lombo seu bisavó, do gremio dos canteiros.

As rúas estaban ategadas de xente, porque en cuestión de días comezaría a Feira Franca, que o rei tivera a ben permitir dende o ano pasado. E uns e outros se esforzaban por limpalos todo, por disimular os terribles cheiros das augas sucias que caían vespertinamente das ventás. Que pouco se aprendera dende a época da gran peste! Contábanlle na casa que varios tíos maternos e paternos morreran aqueles anos nos que a enfermidade se apoderara da vila. Nos que as ratas ían e viñan coa doenza nos seus excrementos, directos aos almacéns da comida. E que non se salvaba ningún, nin nobres, nin cabaleiros, nin, por suposto, a xente coma eles. Tamén oía que San Roque fora o santo que os salvaría daquela desgraza, e por iso, ano a ano, a función relixiosa e o seu novenario serían costeados, como non, polo pobo.

E ao cheiro e ao balbordo das rúas uníase, inesperadamente, o dos cascacos dos cabalos. Dende o Pazo de Lanzós, preto da Igrexa de Santiago, maquinábanse naqueles anos algunhas das contendas máis violentas e confusas do convulso século XV. Alonso de Lanzós, a quen Roi vía pasar con certa



César

asiduidade, era para a xente humilde unha especie de heroe popular, un abandeirado da xustiza real, contra a opresión dos nobres, contra a tamén próxima casa de Andrade. Pero para Roi esas guerras eran guerras alleas, como de feito o foran, frustradas finalmente, e volvendo cadaquén ao seu lugar, á súa condición. Pero, a pesar de que a tolemia da historia pasaba diante dos seus ollos, albergaba Roi un certo impulso de emoción, que sempre lle viña por estas datas: ese período do ano que ía de setembro á Cuaresma era especialmente ilusionante. A Feira Franca traía movemento á Cidade, novas xentes, novas experiencias, e moita, moita troula nas rúas, á que el podía unirse co férreo control materno. E viña tamén a vendima, unha catarse na familia dun labrego coma seu pai: días de xuntanza cos vecinos, de comer uvas até o desvarío, de extenuación física e derroche de alegría. Ese viño sería vendido, e sería levado nos barcos a Coruña, ao Cantábrico, dende un porto recentemente bendecido pola man do monarca amigo. Roi seguía vivindo a súa curta vida entre aquelas murallas, unhas murallas que defendían pero que tamén impedían ver máis aló. Co paso dos anos, este pequeno converteríase nun ancián de corenta anos, e con sorte podería ser testemuña de cambios realmente importantes na Europa da época. Sería incluso testemuña da castración da lingua que utilizaba cos seus, á que se lle imporía un veto na escrita, na arte, na creación, e no terreo do socialmente elevado.

Pero en cuestión de días ía dar comezo a festa das festas na Cidade. E a Historia podía esperar. Ademais, na casa xa debían de estar botando a auga en falta, ...e ao neno.

Pasarían séculos ata que as sociedades nos decatásemos da importancia da infancia como etapa crucial, como terreo virxe para o bo abono. Para evitar que os primitivos impulsos nos conduzan a camiños erráticos, aínda que os disfrazemos de fórmulas civilizadas. Terían que pasar séculos ata que a ciencia fose posta no seu lugar de dignidade, e a razón humana recuperase o control das nosas existencias. Dende aquela época en que as cruces verdes pululaban no Reino como símbolo da pureza relixiosa, chegamos hoxe a non ter aínda comprendido o valor da tolerancia e o acercamento entre as persoas. Celebremos, meus amigos, o bo que nos queda daqueles tempos. Celebremos a reunión entre amigos e familiares diante do que a terra nos segue a proporcionar: ante un bo viño e a boa comida que sempre caracterizou estes lares.

Que nunca esquezamos o que fomos, o que somos, e que dentro de cincocentos anos poidan outros celebrar que a nosa época non foi, despois de todo, tan mala.

Dende esta marabillosa cidade, e co desexo de que sempre teñamos as nosas murallas abertas, Tede todos unha feliz Feira!



Partente

11 de xullo de 2010

A Praza do Campo encheuse de xente para presenciar a final do Campionato do Mundo de Fútbol nunha pantalla xigante patrocinada por Gadisa. O evento coincidiu co último día da Feira Franca Medieval.

16 de xullo de 2010

Na Igrexa de San Francisco tivo lugar o concerto do grupo Forma Antiqua, interpretando o espectáculo «Concerto Zapico: música ibérica en trío», dentro do *Festival Vía Stellae 2010, V Festival de Música de Compostela e os seus Camiños*, organizado pola S.A de Xestión do Plan Xacobeo da Consellería de Cultura e Turismo.

16 de xullo de 2009

Organizado por Galiza Nova e co apoio de *Mandeo Records* e o Concello de Betanzos, celebrouse na Praza da Constitución o *Desconcerto 2010*, no que participaron grupos de Betanzos como *Quando Vand*, *Casual Troupe*, *Funke-Fussion* e *O Gruve* e *Skarallados*, de Culleredo.

16-30 de xullo de 2010

No Edificio Liceo puido visitarse a exposición titulada «Ausencias», composto de gravados e pintura, da autoría de Koki Varela.

18 de xullo de 2010

Celebrouse a *III Ruta da Auga*, organizada polo Club BTT Caimanes Betanzos, que congregou a máis de trescentos afeccionados ó ciclismo.

23 de xullo de 2010

A escritora betanceira, Elena Veiga Rilo, acadou o *VI Premio Biblos-Pazos de Galicia* coa obra «Morto en Fucsia». >

Xullo de 2010

Deron comezo neste mes os ciclos de música «Un verán de Músicas», organizado polo concello para acercar á xuventude distintos xéneros musicais, na que participaron o grupo *Rumba Oeste*, *Fito y los Frikipaldis...* e o *Ciclo Brigastic*



Veiga

con actuacións en distintos establecementos da cidade de cantautores como Miks, Silvia Penide, Pablo Moro ou Andrés Suárez.

23 de xullo de 2010

O grupo musical *Taller Atlántico Contemporáneo* rendeu unha homenaxe ó compositor betanceiro Carlos López García-Picos interpretando dúas das súas obras: «Interferencias nº 3» e o «Quinteto de Cordas con Frauta». O grupo que traballa na interpretación da obra de compositores galegos completou o programa con música de Paulino Pereiro e un «Quinteto de Cordas» do tamén betanceiro, José Rodríguez Arriola «Pepito Arriola».

27 de xullo de 2010

No Pleno celebrado neste día tomou posesión do cargo de concelleiro, D. Carlos Alberto Muíño Naveira, despois da dimisión de D. Xabier López López.>

Xullo de 2010

O Concello inaugurou o local destinado para a Asociación de Veciños Rosalía de Castro, froito dunha actuación urbanística.>

Agosto e setembro de 2010

Celebrouse ó longo deste mes o programa «Noites de Cine» organizado pola Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

7 de agosto de 2010

Neste día faleceu D. José Antonio Fernández de Rota y Monter, ós 70 anos, catedrático da Facultade de Socioloxía, da Universidade da Coruña e o primeiro decano da Facultade de Humanidades. Autor de numerosos traballos e de diversos libros, algúns sobre Betanzos e a súa antiga provincia, estivo sempre moi cerca do *Anuario Brigantino*, do que era membro do seu Comité Científico. A súa laboura tiña recoñecemento mundial e, sobre todo, era unha gran persoa. Lembráremolo sempre con moito agarimo.

3-30 de agosto de 2010

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición de pintura titulada «Recunchos de Betanzos», de Jorge Pardo Ruzo.

6 de agosto de 2010

Na Praza da Constitución tivo lugar un concerto do grupo Juan Carlos Casal Jazz Trío organizado pola Asociación Amigos do Casco Histórico de Betanzos.

7 de agosto de 2010

No claustro de Santo Domingo tivo lugar un concerto de trompa a cargo do betanceiro D. Antonio Lagares Abeal, acompañado ó piano por D. Gabriel López. >

13 de agosto de 2010

No convento de San Francisco celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica e Banda Municipal de Música.

14 de agosto de 2010

Na praza da Constitución, a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo, coroou á raína das festas, a moza brigantina, Susana Zas Presas. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a

lectura do pregón, que correu a cargo do deportista betanceiro, Fracisco Buyo. Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano, entre outras actuacións, contou co grupo *Hombres G*.



César



Pariente



La Voz de Galicia



Eriás



César

Pregón das Festas

Excelentísimas autoridades, raíña das festas, mozas e mozos acompañantes, amigos todos de Betanzos e de fóra que hoxe compartides con nós esta festa:

É para min unha gran honra ter sido convidado pola vosa Alcaldesa para facer o pregón das miñas queridas festas de San Roque.

Teño que dicir a este respecto que noutras ocasións xa fora convidado a dar o pregón, pero por motivos de traballo non me foi posible e agora por fin cumpro con todo agarimo coa cidade na que nacín e coa xente toda de Betanzos que é a miña xente. Estou moi agradecido.

Si, amigos, veciños meus, porque eu son de Betanzos e díxeno sempre con orgullo por todas partes onde andei. Nacín na Ribeira, xoguei cos rapaces do meu barrio e cos de outros, pelexei todo o que puideron por lograr os meus soños e cheguei moito máis lonxe do que podía imaxinar.

Dalgunha maneira eu fun tamén un de tantos emigrantes da nosa cidade e de Galicia que buscaron un futuro por aí fóra, coa diferenza de que eu non tiven que saír do meu país e por riba puideron traballar no que máis me gustaba: xogar ó fútbol. Pero sempre volví a Betanzos e sempre que puideron estiven nas festas do noso Patrón San Roque coa miña familia e cos meus amigos.

Quen é de Betanzos sabe perfectamente o que significan as nosas festas, que teñen aspectos completamente especiais. Aquí pasan cousas que non pasan en ningures.

Os Caneiros, por exemplo, son a mestura perfecta entre a ledicia e a amizade. Xuntarnos a pandilla de amigos de sempre, coller a barca e subir río arriba, comendo, bebendo, cantando, falando coa xente das demais barcas. Troulear despois no campo dos Caneiros ó son da música, é algo que non se pode explicar con palabras: hai que vivilo.

Os que tivestes que saír de Betanzos, por traballo ou polo que fose, sabedes ben o que se sente cando chegan estas datas e un está fóra. Esa é a morriña de verdade, a morriña fonda por unha terra maravillosa e por unha cidade única que por desgraza só apreciamos de verdade cando estamos lonxe.

E logo o Globo. Xa sei que se ten escrito moito sobre estas cousas, pero eu falo delas desde o sentimento máis fondo, porque o vivín desde neno. O Globo é algo moi especial para os betanceiros e máis dunha vez se me encheron os ollos de bágoas ó velo subir. Porque nese momento veñen os recordos íntimos, a memoria da xente querida que xa non está. Moitas cousas pasan pola cabeza mentres o Globo sube na noite betanceira e se dispón a navegar co rumbo que lle marca o vento. A vida é algo parecido: con frecuencia o vento lévanos caprichosamente por onde el quere.



Arume



Arume

Xa me gustaría poder escribir ben o que sinto por Betanzos e pola miña xente, polas festas, polos monumentos que temos, polas nosas rúas medievais, pero eu só son futbolista e ós futbolistas pídenlles moitas cousas, entre as que non está precisamente a literatura.

Este ano, queridos amigos, pasou algo especial que ninguén cría que pasase na vida. Este ano fomos campións do mundo. E digo fomos, porque todos nos unimos arredor dunhas cores: a vermella, «la roja». Para un futbolista coma min que se ten batido en mil batallas e que mesmo tiven a honra de vestir a camiseta de España, foi unha sensación extraordinaria, porque non recordaba que todo o país estivese tan unido arredor das nosas cores. Algo raro e especial pasou. Por unha parte os xogadores estiveron moi unidos. Por outra, a humildade de todos. E finalmente, ninguén discutiu o papel do entrenador.

Digo isto, queridos betanceiros, porque por unha vez o fútbol, que con frecuencia se trata con desdén, deu unha gran lección a todo o país, con todas e cada unha das comunidades que o integran. E a lección é que se nos unimos con respecto e con humildade somos capaces de facer cousas extraordinarias, conseguir metas que parecían inalcanzables.

Eu sei ben, como sabemos todos, que estamos en tempos difíciles, que a xente perde o traballo, que os mozos non atopan camiños de futuro. A palabra crise e os malos augurios téñennos atenzados a todos. Pero eu tamén sei pola miña experiencia persoal, partido a partido durante moitos anos, que cando o equipo está unido as posibilidades de gañar son moito maiores.

E iso é hoxe o principal que vos quero transmitir. Manteñámonos unidos todo o ano e todos os anos que veñen por diante, como hoxe o estamos nas nosas casas coa nosa xente, e estou seguro que nada nos parará. Non deixemos que na nosa portería nos metan o gol da tristura, da desesperanza. Gañemos este partido, por nós e polos nosos fillos.

¡BOAS FESTAS PARA TODOS!

¡VIVA SAN ROQUE!

¡VIVA BETANZOS!

Francisco Buyo

14 de agosto de 2010

Fíxose entrega dos premios *Garelos 2010* que foron os seguintes: En Cultura, á Confraría da Semana Santa; en Deporte, D. José Luis Fernández; en Industria, Comercio e Creatividade, a Artesanía Lagoa.



Arume



Fersal

15 de agosto de 2010

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Ana Vázquez Ocampo, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo. Seguidamente o mozo palista brigantino, Carlos Arévalo deu lectura ó pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Seguindo unha tradición centenaria, teño a honra de estar un ano máis diante de ti, en representación da cidade e o concello de Betanzos. Comigo traio as voces de tantos e tantos betanceiros que che agradecen a túa intercesión para soportar os momentos difíciles que tiveron na vida. Porque é precisamente neses tempos cando a túa presenza se fai máis necesaria. Tempos como os que hoxe vivimos.

Quizais porque a condición humana é así, sempre tendemos a pensar que os tempos son malos e que as cousas se poden mellorar, máis, por desgraza, estamos a ver como os tempos que viviamos non eran tan malos como pensabamos e que as cousas sempre poden empeorar. E o malo é que os grandes males que afectan a boa parte do mundo semella que nos veñen de instancias que non vemos nin comprendemos. Crise financeira internacional, crise climático-ecolóxica, crise de valores... Crises e máis crises.

A palabra crise, Señor, instalouse entre nós e parece que será moi difícil desterrala. Esa sensación é a que en boa maneira oprime os nosos corazóns, corta de raíz as esperanzas de moita xente, e fai que se vexa o día de mañá con temor e con medo. Un medo que paraliza e non deixa ver con claridade o rumbo a seguir. Por iso, hoxe máis ca nunca, Betanzos precisa que nos alumees unha vez máis o camiño, que nos guíes, ti que fuches peregrino e sabes resolver as dificultades que poden aparecer en calquera momento.

Este ano é Ano Santo Xacobeo e a cidade de Betanzos sempre estivo intimamente unida aos camiños a Compostela. Camiños que viñan e veñen da costa ferrolá ou sadense, mais tamén o ancestral camiño que corría por riba dunha vía romana por toda a costa cantábrica ata Ribadeo, pasando por Mondoñedo e Vilalba ata chegar a Betanzos. Aínda non comprendemos por que nos mapas actuais non aparece o camiño de Vilalba a Betanzos, polo que teño que pedirche tamén que ilumines a quen corresponda para que semellante erro non siga



Artume

trabucando aos peregrinos.

O noso lembrado cronista don Francisco Vales Villamarín dixo ao respecto:

«O camiño (...) seguía por Arante, Goiriz e Vilalba, en cuxa localidade Andrade o Bo posuía unha importante fortaleza (...). Ao abandonar esta vila, toma a dirección da Torre de Labrada (...) deixando á esquerda o lugar de Pepín [da] freguesía de San Xulián de Cazás, onde fai pouco máis de dez lustros foi descuberta unha lápida romana dedicada aos lares viais (...), sinal inequívoco da antigüidade da senda, que empalma coa actual estrada de Vilalba nas proximidades do Pazo de Irixoa (...). O percorrido de Irixoa a Betanzos facíase pola antiga vía imperial que poñía en comunicación a cidade de Brigantium con Lucus Augusta (...). Na distancia, o mosteiro de Monfero (...). Encontramos [logo] o pequeno templo oxival de San Antonio Abad, denominado tamén de San Cosme, no elevado monte de San Antón, freguesía de Mántaras (...).

Ao pé deste monte e bañada polas prácidas augas do Zarzo, encóntrase a pintoresca e agarimosa aldea de Cela, onde tiña a súa casa nativa o cabaleiro Ares Pardo de Cela (...). Chégase ao poboado de Areas, quedando á nosa dereita (...) Ambroa [co] castro de Casal do Mouro (...). Á esquerda de Areas (...) percíbese (...) o prominente castro de Saamede (...) en San Xulián de Vigo (...). Entramos na freguesía de San Xoán de Paderne (...), pásase aos casaríos do Francés e a Rúa (...) xa en (...) San Andrés de Obre (...). Na aldea de Campeiro, pouco antes da Rúa, a vía compostelá abandona a estrada e cruza este pequeno poboado, continuando polo camiño que bordea o chamado Castro Vello ou «da Xerpe», transformación fonética da voz «serpe» (...), que recorda a existencia no devandito punto dun culto precristián (...). E despois dun curto percorrido, desembocamos xunto ao noso santuario (...) da Virxe do Camiño».

Señor San Roque, axúdanos a recuperar a historia, porque a historia é nosa e é de todos, é de Betanzos e pertence tamén aos peregrinos de todo o mundo que por aquí pasaron e pasan. E porque a historia é precisamente unha das bases sobre as que temos que construír o futuro.

Non nos abandones, non deixes da man aos galegos e con eles aos betanceiros, coida dos nosos vellos, axuda a atopar novos vieiros aos mozos e mozas para que de novo enchan de esperanza a vida desta terra antiga, fai que os nenos volvan rir e xogar nas nosas aldeas... Que a piedade, o perdón e a humildade estea nos nosos corazóns e que nos entendamos todos os betanceiros como pobo vello que somos, que falemos e vaiaemos xuntos pola senda axeitada. Que volva a ledicia e a esperanza.

Deus o queira. *María Faraldo (Alcaldesa).*

16 de agosto de 2010

Ás doce da noite, diante dun numeroso público, ascendeu ós ceos o Globo de San Roque que cada ano realiza a familia Pita. Este ano foi parar a Cerneda (Abegondo).



Artime



Veiga



Veiga

17 de agosto de 2010

O alcalde da localidade murciana de Bullas, D. Esteban Egea e a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, descubriron unha placa que dá o nome de Paseo de Bullas ó tramo do paseo fluvial entre a Praza de Enrique IV e o Xuncaliño.

18 e 25 de agosto de 2010

Como é tradicional foron moitas as persoas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros. Houbo gran cantidade de lanchas engalanadas e como vén sendo habitual contouse cun importante dispositivo de seguridade.<

20 de agosto de 2010

Visitou Betanzos a famosa escritora portuguesa de temas infantís, Renata Gil, acompañada da familia do seu fillo, o arqueólogo Fernando Coimbra, colaborador do Anuario Brigantino.>

20 de agosto de 2010

Asinou un convenio de colaboración entre o Concello de Betanzos e o CIEC. Na fotografía, D^a María Dolores Faraldo e D. Jesús Núñez.>

28 de agosto de 2010

A asociación Amigos do Casco Histórico organizaron a *I Concentración de Motos Clásicas Cidade de Betanzos*, co obxectivo de dinamizar o casco histórico da cidade.

2 de setembro de 2010

O presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda e o director da Fundación CIEC, D. Jesús Núñez, asinaron un convenio de colaboración en apoio das actividades da fundación.

2-20 de setembro de 2010

Puido contemplarse no Edificio Liceo a exposición titulada «Historias», da que é autora a fotógrafa Mercedes Rancaño (Lugo, 1964).

2 de setembro de 2010

Este día, precisamente o da onomástica do noso eurodeputado D. Antolín Sánchez Presedo (na foto, o 1^o pola dereita), acadouse un acordo entre Parlamento Europeo, Consello e Supervisión sobre o **paquete de supervisión europeo**. O acordo suporá o nacemento dun Sistema de Supervisión Europea que contará co Consello Europeo de Risco Sistémico como responsable de macrosupervisión

e con tres autoridades europeas (as ESAs) para a microsupervisión no que se refire á banca, seguros e mercado de valores. Este acordo permitirá que Consello e Parlamento, como colexisladores, aproben as disposicións legislativas que posibilitarán que as novas autoridades comezarán a funcionar a partir do 1 de xaneiro de 2011. É a primeira iniciativa para a supervisión transnacional que se produce no mundo; un fito na construción comunitaria, un cimento sólido para a reforma do sistema financeiro e un paso moi importante para a gobernanza financeira global que debe corrixir a asimetría entre globalización financeira e supervisión nacional. Seis deputados do Parlamento Europeo (os 5 que están na foto máis Peter Skinner, laborista inglés) foron os poñentes das diferentes iniciativas do paquete, negociando coas demais institucións (a Comisión e o Consello). D. Antolín foi o poñente da Directiva Omnibus I, que foi aprobada por unanimidade na Comisión de Economía do Parlamento Europeo e negociada en trólogo cun resultado moy



Ertias



Partente



positivo. Así pois, D. Antolín Sánchez Presedo pode considerarse en xustiza como un dos pais da supervisión financeira europea. Ademais de poñente parlamentario nesa Directiva, foi o poñente alternativo do Grupo dos Socialistas e Demócratas do Parlamento Europeo no Regulamento da Autoridade Europea de Banca, sendo o eurodeputado que presentou máis enmendas ó paquete de supervisión e o que asistiu a máis reunións do trío.

4 de setembro de 2010

No Edificio Liceo tivo lugar a presentación da XII Bial de Balconadas organizada polo Concello de Betanzos. O primeiro premio dotado con 5.000 euros, foi para o artista madrileño, David Ortega. Roberto Díaz, de Tarragona, e Sonia Higuera, de Santander, acadaron os dous accésits.

10 de setembro de 2010

Deron comezo as festas de Guiliade que este ano se iniciaron cun acto de homenaxe ós músicos relacionados coa localidade nun acto presidido pola alcaldesa, María Dolores Faraldo no centro social, onde se colocou unha placa. Como vén sendo habitual nas festas da Virxe das Dores soltouse un globo grande de papel.>

11 de setembro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, tivo lugar a representación teatral da obra «Incomunicando. Exercicio que desencadea a turbación», polo grupo *Mequetrefes* da Universidade de

15 de setembro de 2010

O Conservatorio Municipal leva desde este día o nome do compositor betanceiro, Carlos López García-Picos. Tivo lugar no edificio un acto homenaxe presidido pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo e ó que asistiron familiares e amigos do compositor.>

16 de setembro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo presentouse o n^o 32 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido pola alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, a quen acompañaba o director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do arqueólogo e historiador D. Andrés Pena Graña.>

17 de setembro de 2010

Na Sala Azul do edificio Liceo, tivo lugar a presentación pública do último libro de Xavier López López titulado *Os libros prestados*, organizada pola Asociación Cultural Eira Vella.>

24-25 de setembro de 2010

Desenroláronse nestes días varios actos sobre «O Camiño Xacobeo Inglés», dentro do *Programa Portos Xacobeos*, de *Portos de Galicia*, en colaboración co Xacobeo 2010 e a Consellería do Mar. Houbo un concerto do Coro de Cámara da Coruña na igrexa de San Francisco, unha exposición e unha conferencia impartida polo profesor D. Constantino Chao Mata, no edificio Liceo.




Veiga




Veiga



Arume





25 de setembro de 2010

O betanceiro D. Santiago de la Fuente, sacerdote xesuíta e profesor na República Dominicana, presentou naquel país o libro: «Se buscan realizadores para una Dominicana mejor».

2 de outubro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación da obra «Papá querido», interpretada pola compañía *Teatro del Andamio*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



César



Partente

2-3 de outubro de 2010

Celebrouse na Praza García Irmáns a *IV Edición da Festa da Tortilla de Betanzos*, organizada polo Concello coa participación de restaurantes da cidade. A festa deu comezo coa lectura do pregón a cargo do cociñeiro D. Benigno Campos. O premio para a mellor tortilla foi para *Casa Carmen*.

2-14 de outubro de 2010

Desenvolveuse no edificio Liceo o *Festival Internacional de Títeres Galicreques 2010*, no que participaron os seguintes grupos: *Sri Lanca Sri Anura Puppet Society*, *Valencia Xarop Teatre*, *Pizzicato* (Madrid e Arxentina), *Portugal Marionetas, actores & objects*, *The Fifth Wheel* (Alemaña) e *Chile Vagabundo Títeres*. Puido contemplarse así mesmo a exposición titulada «Teatríños de papel». O certame, organizado pola *Asociación Barriga Verde*, contou co patrocinio da Deputación Provincial do Consorcio das Mariñas e coa colaboración do Concello.

4-17 de outubro de 2010

Puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de pintura do artista Domingo Sangrador titulada «Deshilvanados».

5 de outubro de 2010

Tivo lugar na Aula de Cultura a representación da obra «O último curso» pola compañía *Teatro do Andamio*, co patrocinio da Deputación da Coruña e a organización do Consorcio das Mariñas e do Concello de Betanzos.

6-7 de outubro de 2010

Celebrouse a segunda edición da vendima infantil organizada por *Viña Ártabra*, as asociacións de pais dos colexios Vales Villamarín e Nosa Señora do Carme (Atocha) e o Concello de Betanzos.



Partente

7 de outubro de 2010

Dentro do XXI Festival Internacional de Música de Pulso y Púa «Cidade de cristal» que organiza a *Agrupación Musical Albeniz*, coa colaboración do Concello de Betanzos, tivo lugar na Aula de Cultura un concerto por conta de *Reco do bandolín & Choro livre* (Brasilia, Brasil).

7-10 de outubro de 2010

Ó longo destes días sufríronse inundacións na zona da Ribeira motivadas polas fortes choivas e as mareas vivas.>

9-10 de outubro de 2010

Organizado polo Concello en colaboración coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE), celebrouse na Praza do Campo o mercado de oportunidades «Mercabetanzos». Na fotografía, D^a Antonia Anido, presidenta de ACEBE e a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.>



César



Arume



Eriás

11 de outubro de 2010

No edificio Liceo tivo lugar a conferencia titulada «Poética, mito e lirismo da Espenuca» pronunciada polo poeta e ensaísta arxentino de raíces galegas, Carlos Penelas.<



Partente

14 de outubro de 2010

O presidente de Portos de Galicia, D. José Manuel Álvarez Campana e a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, presentaron no edificio Liceo unha escultura de Miguel Couto en homenaxe ós areeiros e que se instalará no muelle.>

15 de outubro de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo entrevistouse co conselleiro de Medio ambiente, D. Agustín Hernández, no que trataron o problema das inundacións na Ribeira.

21 de outubro de 2010

Os alumnos do Colexio Vales Villamarín estrearon no Pazo de Mariñán, e coa presenza do presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, o material pedagóxico do proxecto Mandeo.

22 de outubro de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, participou no acto da sinatura do convenio para a creación do billete único na área metropolitana, xunto con outros nove alcaldes da área metropolitana co presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijóo.

23 de outubro de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo acompañada do xefe territorial de Benestar Social, D. Luis Álvarez, de D. Jaime Lafora en representación da Familia García Navería e da concelleira de Servizos Sociais, D^a María Jesús Teijo , inaugurou as novas dependencias do departamento municipal de Servizos Sociais no antigo edificio da Escola García Irmáns. Deste xeito, as dependencias da súa antiga ubicación no Colexio de Orfas quedan exclusivamente para disfrute dos maiores.>



Pariente



Veiga

23 de outubro de 2010

Organizado pola Asociación Cultural Eira Vella tivo lugar na Aula de Cultura un homenaxe a Xulio Cuns, que consistiu nun encontro artístico literario no que participaron os seus amigos con lecturas de textos, representacións teatrais, actuacións musicais como a do grupo de Álvaro Muras (co fillo de Xulio) e como colofón a actuación da Banda Municipal de Betanzos. O acto contou coa asistencia de moitos dos numerosos amigos. Ó mesmo tempo, durante a segunda quincena de outubro, na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo, puido contemplarse unha exposición biobibliográfica sobre a súa vida e obra. Desde aquí sumámonos a este homenaxe do home que marcou unha época na dinamización cultural da nosa cidade, onde está incluído tamén o Anuario Brigantino, do que é secretario.

24 de outubro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tuvo lugar a representación teatral da obra «O segredo dos Hoffman» interpretada pola compañía *Lagarta Lagarta*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

25 de outubro de 2010

O Concello adjudicou, mediante un convenio coa Deputación, as obras de acondicionamento dunha zona entre o Pasatempo e o campo de fútbol, así como a Fonte das Catro Estacións.

27 de outubro de 2010

O párroco de Tiobre, D. Manuel Rodríguez, asinou un convenio de colaboración co presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, para eliminar as filtracións e renovar a instalación eléctrica da igrexa de Nosa Señora do Camiño.

Outubro de 2010

Iniciáronse as obras, por parte da Xunta de Galicia, de remodelación do edificio dos xulgados para albergar o cuarto xulgado de Betanzos.

1-13 de novembro de 2010

Celebrouse ó longo destes días o *III Festival Internacional de Cine Documental das Mariñas Xanela ao Mundo (XOM)*, organizado polo Concello coa colaboración da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, e baixo a dirección do cineasta brigantino, D. Xosé Carlos Soler.>



Pariente



Pariente

2 de novembro de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, presidiu a tradicional ofrenda de defuntos celebrada no cemiterio municipal.

3 de novembro de 2010

A alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo recibiu no edificio Liceo ó presidente de Ford España, D. José Manuel Machado, quen estivo acompañado do xerente de *Gonzacar*, D. Marcial Castro e da presidenta de Acebe, D^a Antonia Anido.

3-15 de novembro de 2010

Puideron contemplarse no edificio Liceo as exposicións organizadas pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, relacionadas co mundo da banda deseñada, tituladas «Viñetas Descubertas» e «Miña Terra Galega».



Arume

6 de novembro de 2010

Como vén sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento cun xantar e moita festa.



Veiga

6 de novembro de 2010

Na aula Municipal de Cultura representouse a obra «Memoria de Helena e María» interpretada pola compañía *Teatro do Atlántico*, organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

9 de novembro de 2010

Neste día visitaron o Museo das Mariñas un grupo da *UNED Sénior de Xestoso*, onde asistiron a unha clase impartida polo historiador D. Felipe Senén e na que participaron o cura párroco de

Xestoso, D. Luis Rodríguez Patiño e o director do museo, D. Alfredo Erias. O acto contou coa presenza da alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.>

12 de novembro de 2010

Dentro do *Programa Bocaberta* de dinamización lingüística da Xunta de Galicia, tivo lugar na Aula de Cultura unha representación, para os escolares do Concello, da obra «Señor Mundo, dígame?» por conta da compañía *Factoría Teatro*.

16-30 de novembro de 2010

Organizada pola Coral Polifónica, puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de pintura de Alfredo Erias, titulada «Retrospectiva».

23 de novembro de 2010

O Concello e a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (Acebe), representados pola presidenta da asociación, D^a Antonia Anido e a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, asinaron un convenio de colaboración.

Novembro de 2010

O Concello comezou neste mes os traballos de rehabilitación de corenta fontes municipais que foron incluídas dentro do programa *Red Natura* da Xunta de Galicia.

26 de novembro de 2010

O conselleiro de infraestruturas, D. Agustín Hernández e a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo, asinaron na Sala Capitular, un convenio para a adquisición e rehabilitación de oito inmobles no casco histórico por parte da Xunta de Galicia. O conselleiro e a alcaldesa realizaron un percorrido polo casco histórico.>



Betanzos e a súa comarca

29 de novembro de 2010

Nun acto celebrado no edificio Liceo a alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo acompañada da concelleira de Educación e Servizos Sociais, D^a María Jesús Teijo, entregou os premios do I concurso «Olladas betanceiras», de fotografía, no que se busca a participación dos mozos na difusión da cidade. Os

premiados foron: Sara Benito, Enrique Otero, Javier Marcote, Silvia Carro, Pablo Regueira e María Dopico.

30 de novembro de 2010

Nun acto celebrado nas dependencias do Arquivo Municipal de Betanzos o presidente do Banco Etcheverría, D. Javier Etcheverría, fixo entrega á alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo dun importante fondo da obra do compositor betanceiro, D. Carlos López García-Picos, complementando así as existentes ata o momento no arquivo.<



Pariente

1 de decembro de 2010

A partir deste día e ata o mes de xaneiro desenvolveuse o programa de festexos do Nadal organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Laura Gestal Sanmartín do colexio Vales Villamarín, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.>

3-12 de decembro de 2010

Ó longo destes días puido contemplarse unha exposición de traballos realizados polas alumnas do Centro Pai Menni de Betanzos.

Decembro de 2010

Nos sábados do presente mes celebráronse no cantón de Claudino Pita os mercadillos de Nadal, organizados polo Concello para a promoción do comercio.

4 de decembro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a actuación do Grupo de Bailes Tradicionais *Xacarandaina*.

Decembro de 2010

Desenrolouse ó longo deste mes o 2º Ciclo de Teatro en Familia, organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC. Participaron as compañías: *Caramuxo Teatro*, *Galitooon*, *O retrete de Dorian Gray* e *Artestudio Teatro*.>

6 de decembro de 2010

Na cidade de Bos Aires celebrouse o 105 aniversario do Centro Betanzos, entidade que preside Dª Beatriz Lagoa. A este evento asistiu unha delegación da nosa cidade, presidida pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo.

10 de decembro de 2010

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar unha actuación do mago Benxamín, organizada pola ANPA Brigantium do CEIP Vales Villamarín.

Decembro de 2010

Neste mes leváronse a cabo os traballos de reparación do lateral da igrexa de Santo Domingo por parte de Patrimonio da Xunta de Galicia. Aparte dunha mellora dos muros e recollida de augas.

Decembro de 2010


O médico betanceiro Carlos M. Fernández Fernández foi nomeado, polos seus méritos de investigación no campo da Historia da Medicina de Galicia, Investigador Colaborador do Centro de Estudos Interdisciplinares do Século XX da Universidade de Coimbra, unha das mais antigas de Europa, na sección de Historia da Ciencia.>

15 de decembro de 2010

Foron entregadas a *Cáritas* e *Cruz Vermella* trescentos quilos de alimentos, froito da campaña «1 Kilo 1 Sonrisa» que levou a cabo a páxina de *Facebook* «Betanceiros en el Mundo», que dirixe e coordina, D. Alejandro Vázquez Suárez.

16 de decembro de 2010

A partir deste día puido contemplarse no edificio Liceo a exposición fotográfica titulada «Guerra Civil Española» do arquivo dos Irmáns Mayo, incluída no programa de exposicións itinerantes da Deputación da Coruña. Ó acto inaugural asistiu o presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda e a alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo.



Veiga

17 de decembro de 2010

No edificio Liceo tivo lugar a conferencia titulada «O lavadoiro das Cascas, unha obra de arte», pronunciada polo arquitecto, D. José Manuel Vázquez Mosquera.

18 de decembro de 2010

Celebrouse a *Regata Popular de Piragüismo Nadal 2010*, organizada polo Club Náutico Ría de Betanzos-Piragüismo.

18 de decembro de 2010

Celebrouse na Igrexa de San Francisco un concerto-festival organizado polo *Rotary Club* de Betanzos, co obxectivo de recadar fondos a favor de *Cáritas*.

22 de decembro de 2010

O estudante betanceiro, Pedro Varela Vázquez acadou o Premio Extraordinario de Licenciatura na Facultade de Economía da Universidade de Santiago de Compostela. Os nosos parabéns.>

26 de decembro de 2010

Dentro dos actos de Nadal, celebrouse no edificio Liceo o Torneo de xadrez do Nadal, organizado polo Club de Xadrez de Betanzos.

26 de decembro de 2010

Dentro do programa de festexos de Nadal celebrouse na Residencia García Irmáns unha *Xornada de convivencia coa terceira idade*, coa participación do *Grupo Azougue* da *Escola Municipal de Folclore*, a *Agrupación Musical Carlos Seijo* e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

27 de decembro de 2010

Na Residencia de Anciáns García Irmáns tivo lugar un concerto a cargo de *Camerata Brigantina*.

27-30 de decembro de 2010

Dentro do programa de festexos de Nadal organizado polo Concello e dirixido ós nenos, celebráronse estes días os obradoiros lúdicos e de manualidades así como o Campus de baloncesto.



Partente

30 de decembro de 2010

Visitaron as obras do cuarto xulgado de Betanzos o delegado provincial da Xunta de Galicia, D. Diego Calvo e o director xeral de Xustiza, D. Juan José Martín, que estiveron acompañados da alcaldesa, D^a María Dolores Faraldo.<

30 de decembro de 2010

Dentro do programa de festexos de Nadal organizado pola Delegación de Cultura e a *Asociación de Amigos da Banda de Betanzos*, celebrouse na igrexa de San Francisco o tradicional Concerto de Nadal a cargo da Banda Municipal de Música e do Coro do Conservatorio Municipal.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego, ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan.

Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Mejjide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indícanse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícanse o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indícanse o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s.)), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indícanse o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícanse o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, pónese APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícanse o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo:

<<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.



Estas

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2010, Nº 33,
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2011

